



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/10-1
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMARIÑAS	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), longueirón (<i>Ensis siliqua</i>), longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>) e caramuxo (<i>Monodonta lineata</i>)
Ambito do plan	De punta Lago ata punta da Roda; de punta Sandía ata punta da Roda; de punta Sandía ata punta Insuela; enseada de A Vasa
Subzonas de explotación	De punta Lago ata punta da Roda (CM-135); De punta Sandía ata punta da Roda (praia do Ariño CM-133; Paxariña CM-132; punta Gallego- fondeadero do Pozo CM-134; canle río da Ponte CM-131); De punta Sandía ata punta Insuela (Area da Vila CM-129; Lingunde CM-100); enseada da Vasa CM-130

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
81	25	59
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	192 para ameixa e berberecho 45 para longueirón e longueirón vello (de xaneiro a setembro)										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾: a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	Xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	Xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante enrolado e a bordo/ día
Ameixa fina (*)	5 kg	-	5 kg
Ameixa xaponesa	10 kg	-	10 kg
Ameixa babosa	6 kg	-	6 kg
Berberecho	15 kg	-	15 kg
Longueirón	12 kg	-	-
Longueirón vello			
Caramuxo	Pendente de avaliación	-	-

(*) Modificado por Resolución do 2 de febreiro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM 1



Artes a empregar	A Pé: rastrillo, sachó. Sal para os solénidos Embarcación: rastro ou raño
-------------------------	--

Puntos de control	Ariño (c-1); punta Fraga do Medio (c-2); ponte de Arroyo-Trasteiro (c-3); A Paxariña (c-4); Campo da Poza (c-5); Area da Vila (c-6)
Puntos de venda	Lonxa de Camariñas

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas: Roturado de substrato e posterior sementeira. Será realizado por tractores e tractor oruga. Zonas: Ensenada de A Vasa				X	X	X						
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar Zonas: dende Area da Vila cara a enseada da Vasa e canle do Río da Ponte Especies: Ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa				X	X	X						
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras: Zonas: Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados Zonas: dende Area da Vila cara a enseada da Vasa e canle do Río da Ponte Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa para Río da Ponte e Enseada de A Vasa; ameixa babosa para Río da Ponte			X	X	X	X						
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos Zonas: Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpeza de algas Zonas: Río da Ponte		X	X	X	X	X	X	X				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Arados: faranse ao mesmo tempo que os traballos de rexeneración Zonas: Ensenada de A Vasa e Paxariña				X	X	X						

Outras consideracións ⁽⁹⁾
Especies: Neste plan inclúese por primeira vez o caramuxo como especie obxecto de explotación. A falla de datos sobre a súa distribución, abundancia... impide regular a súa explotación, polo que queda supeditada a unha avaliación previa da poboación. A distribución e o método utilizado para a captura desta especie fai que a súa extracción só sexa autorizada para o marisqueo a pé, ao igual que a extracción de longueirón e longueirón vello.



Participantes: O listado de mariscadores anexo ao plan inclúe un total de 82 persoas, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar o vindeiro ano son 81. non ten renovado o permex para o ano 2011.

Épocas probables de extracción: A época de extracción de longueirón límitase aos meses de xaneiro a setembro. A época de extracción de caramuxo virá condicionada á avaliación deste recurso.

Cotas máximas de captura: Os topes establecidos por especie poderanse modificar á baixa en función da demanda, correspondéndolle á presidenta a solicitude de modificación dos topes previa consulta á directiva da agrupación. A petición de modificación deberá facerse constar na solicitude de apertura mensual co obxecto de que se dite a resolución correspondente.

As cotas máximas de captura para a modalidade de embarcación quedan fixadas por tripulante enrolado e a bordo. Respecto dos mecanismos establecidos no plan para a regulación do número de tripulantes e das normas, recoméndase un asesoramento previo á aplicación destas normas para asegurar que se axustan á legalidade.

Artes: O rastro de vara curta ou gancha a pé non é unha arte autorizada polo Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que para o seu uso requirírase da aprobación dun plan experimental.

Puntos de control: Defínese a organización dos puntos de control a pé de praia, nos que os vixiantes da confraría fan controis das embarcacións, número de tripulantes e de tallas ao azar, mentres que son os lonxeiros os que rexistran o número de mariscadores e fan o control de cupos. A responsabilidade dos puntos de control é dos vixiantes.

Lémbrese que a captura e venda de máis cantidade de marisco que a permitida está tipificada como infracción grave na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, polo que os excedentes deben ser devoltos ao mar.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividades de semicultivo: A organización dos traballos de semicultivo propostos no plan (acondicionamentos, limpeza, traslados,...) non está ben definida, limitándose a designar como persoa responsable da organización, deseño das accións, distribución dos grupos... á asistencia técnica da confraría. Especificase a obrigatoriedade da participación nestas tarefas para tódolos membros da agrupación de mariscadores, e que computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex de a pé. O control de asistencias tamén será realizado pola asistencia técnica da confraría, que cubrirá un parte de asistencia e incidencias.

Aconséllase ampliar a época prevista neste plan para a limpeza de algas aos meses de primavera e verano por ser nestes nos que se produce un maior acúmulo.

A actividade prevista de traslados en **sábados** non poderá ser realizada empregando as embarcacións do plan de explotación ou outras embarcacións de pesca, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 424/1993, de 17 de decembro. Polo



tanto, os traballos de semicultivo dende embarcacións do plan, só poderán realizarse de luns a venres.

Vixilancias: Os propios mariscadores poderán realizar vixilancias en momentos puntuais, aínda que non se especifica se a participación é obrigatoria. As persoas responsables da organización de grupos e quendas son os vixiantes da confraría que tamén levan o control de asistencias. Estas vixilancias non computarán á hora de renovar os permex de a pé.